

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004526	San Narciso	Marín	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CMSAN02	Farmacia e parafarmacia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0105	Promoción da saúde	2024/2025	9	157	188

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	JUAN DE LA CRUZ VILLAR DÍAZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este perfil profesional exerce a súa actividade en establecementos de venda de produtos farmacéuticos, parafarmacéuticos e, en xeral, produtos relacionados coa saúde humana ou animal, así como coa cosmética, a fitoterapia e outros. Do mesmo xeito, pode exercer a súa actividade en pequenos laboratorios de elaboración de produtos farmacéuticos e afíns.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para:

- Promover hábitos de vida saudable, tendo en conta a relación entre os programas de promoción da saúde e a poboación diana.
- Desenvolver os programas de educación para a saúde e valorar a súa incidencia na poboación usuaria.
- Interpretar controis analíticos sinxelos aplicando protocolos normalizados de traballo.
- Apoiar psicolóxicamente á persoa usuaria, con identificación das súas condicións psicolóxicas e da pertenza ou non a un grupo de risco.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Saúde e enfermidade. Planificación en saúde.		43	23
2	Desenvolvemento de programas de educación para a saúde.		50	27
3	Interpretación de controis analíticos sinxelos.		50	27
4	Apoio psicolóxico á persoa usuaria.		45	23

## 4. Por cada unidade didáctica

### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Saúde e enfermidade. Planificación en saúde.	43

### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Promove hábitos de vida saudable, tendo en conta a relación entre os programas de promoción da saúde e a poboación diana.	SI

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Diferenciouse entre promoción, prevención, protección da saúde, educación para a saúde e os seus compoñentes.
CA1.2 Identificáronse os niveis de planificación en saúde: plan, programa, proxecto e programación.
CA1.3 Valorouse a importancia do persoal técnico como axente de educación sanitaria..
CA1.4 Descríbense as características propias dos estilos de vida saudables.
CA1.5 Sinaláronse con detalle as aliñas dunha programación de educación para a saúde.
CA1.6 Valorouse a importancia da información e do compromiso persoal e social para mellorar a saúde.
CA1.7 Determináronse parámetros somatométricos básicos (peso, talla, índice de masa corporal, etc.).
CA1.8 Relacionáronse parámetros somatométricos básicos coa saúde e a doenza.
CA1.9 Descríbense técnicas de medición e manexo dos instrumentos e dos equipamentos utilizados.
CA1.10 Efectuouse a limpeza e a conservación dos instrumentos e dos equipamentos de medición.
CA1.11 Detallouse a participación en programas de mantemento con metadona e de prevención en doenzas adquiridas mediante o intercambio de xiringas.

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Niveis de planificación: plan, programa e proxecto.
Detección de factores de risco.
Saúde e doenza.
Indicadores de saúde.

Contidos
Instrumentos de somatomtería
Parámetros somatométricos.
Registro de datos.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Desenvolvemento de programas de educación para a saúde.	50

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Desenvolve os programas de educación para a saúde e valora a súa incidencia na poboación usuaria.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os elementos dun programa de educación para a saúde.
CA2.2 Descríbense os principais programas e proxectos de hixiene da alimentación.
CA2.3 Caracterízanse os programas e os proxectos de hixiene sexual.
CA2.4 Clasifícanse as principais drogas de abuso, en función do seu perigo, a súa adición, os efectos secundarios, etc.
CA2.5 Identifícanse as pautas de actuación educativa en situacións de drogodependencia.
CA2.6 Valoráronse os programas de educación para a saúde como un elemento de mellora do benestar social.
CA2.7 Analízase a epidemioloxía de diversas doenzas transmisibles.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Técnicas e dificultades de comunicación en saúde.
Programación e compoñentes.
Hixiene da alimentación.
Hixiene persoal.
Hixiene sexual.
Situacións sanitarias relacionadas coa drogodependencia.
Tratamento da drogodependencia en situacións de urxencia.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Interpretación de controis analíticos sinxelos.	50

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Interpreta controis analíticos sinxelos aplicando protocolos normalizados de traballo.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Detalláronse as condicións orgánicas idóneas das persoas usuarias para a toma de mostras.
CA3.2 Relacionáronse os tipos de recipientes cos tipos de mostras e coas determinacións para realizar.
CA3.3 Aplicáronse medidas de hixiene e de protección persoal durante a manipulación de mostras e durante o proceso analítico, consonte a lexislación.

Criterios de avaliación
CA3.4 Interpretáronse protocolos de realización de controis analíticos en idiomas comunitarios, e valorouse a importancia dunha correcta manipulación das tiras reactivas.
CA3.5 Elimináronse residuos e materiais dun só uso conforme os protocolos de eliminación de residuos e aplicando a lexislación.
CA3.6 Limpáronse e desinfectáronse instrumentos e material segundo os protocolos.
CA3.7 Tívose en conta a importancia de deixar a zona de determinación en óptimas condicións para a súa próxima utilización.
CA3.8 Recoñeceuse a normalidade ou non dos resultados das determinacións analíticas.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Formas de obtención de mostras.</p> <p>Material de conservación de mostras.</p> <p>Seguridade e prevención de riscos no laboratorio. Normas básicas de hixiene.</p> <p>Técnicas de limpeza, desinfección e esterilización.</p> <p>Principios elementais dos métodos de análises clínicas.</p> <p>Expresión e rexistro de resultados.</p> <p>Interferencias nos parámetros biolóxicos analizados.</p>

#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Apoio psicolóxico á persoa usuaria.	45

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Apoia psicolóxicamente a persoa usuaria, con identificación das súas condicións psicolóxicas e da pertenza ou non a un grupo de risco.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse os mecanismos de apoio psicolóxico e tipifícanse segundo a súa aplicación.
CA4.2 Diferenciáronse situacións que requiran atención específica.
CA4.3 Establecéronse e protocoláronse mecanismos de apoio psicolóxico para cada tipoloxía.
CA4.4 Analizáronse as circunstancias psicolóxicas xeradoras de disfunción do comportamento.
CA4.5 Clasifícanse os principais tipos de disfunción do comportamento e os seus signos.
CA4.6 Valorouse a importancia do apoio psicolóxico por parte do persoal técnico e outros estamentos sociosanitarios.
CA4.7 Déuselles prioridade aos comportamentos que deba desenvolver o persoal técnico para lograr unha perfecta relación coa persoa usuaria e lograr este apoio.
CA4.8 Establecéronse os principais mecanismos psicolóxicos de defensa da persoa.
CA4.9 Descríbironse os principais factores dun cadro de estrés.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Psicoloxía das persoas con doenzas crónicas.
Psicoloxía das persoas con doenzas oncolóxicas.
Psicoloxía das persoas con doenzas xerátricas.
Psicoloxía das persoas con SIDA.
Psicoloxía das persoas con doenzas terminais.
Psicoloxía das persoas en idade infantil e de adolescentes con doenzas crónicas.
Psicoloxía das mulleres embarazadas.

## Contidos

Mecanismos e técnicas de apoio.

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

En cada avaliación haberá dúas probas parciais escritas e catro traballos de envío telemático obrigatorio. Isto significa que non enviar ningún destes traballos fará que a cualificación máxima alcanzable na avaliación sexa un 4.

As probas escritas constarán dun test de 10 preguntas con 3 respostas posibles (unha soa verdadeira) que puntuará ata 3 puntos no conxunto da nota, a razón de 0,3 puntos cada resposta ben dada. De seguido, os/as alumnos/as terán que repostar ou completar coas verbas axeitadas un conxunto de 10 preguntas curtas, que puntuarán ata 5 puntos no conxunto da nota, a razón de 0,5 puntos cada resposta acertada. Por último, cada un dos 2 traballos correspondentes ás probas parciais puntuarán ata 1 punto máis, sendo así que a suma  $3 \text{ (test)} + 5 \text{ (preguntas curtas)} + 2 \text{ (traballos)} = 10$ , a nota máxima posible. A nota final da avaliación será a media aritmética, redondeada ó enteiro máis próximo, das dúas notas parciais obtidas en cada avaliación.

Na segunda avaliación, cada proba parcial incluirá tamén unha exposición oral sobre un tema epidemiolóxico proposto polo profesor a cada alumno/a, e máis unha proba práctica de destreza na medida de determinacións somatométricas, constantes vitais e de algunhas determinacións analíticas. Nesta avaliación, en cada parcial a ponderación das diferentes probas será:  $2 \text{ (test)} + 4 \text{ (preguntas curtas)} + 2 \text{ (traballos)} + 1 \text{ (exposición oral)} + 1 \text{ (proba de destreza analítica)} = 10$ .

A nota final, ao remate da segunda avaliación será a media aritmética, redondeada ó enteiro máis próximo, das notas de cada avaliación, ou, no seu caso, da/s recuperación/s, se as houber.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os/as alumnos/as que non superasen algunha avaliación, terán, dentro das 3 semanas seguintes á proba final de avaliación, unha proba escrita de recuperación, baseada nos mínimos exixibles, coa mesma estrutura cás probas parciais, salvo que no canto de 2 traballos terán que presentar só un, pero o dobre de extenso. A ponderación sería logo:  $3 \text{ (test)} + 5 \text{ (preguntas curtas)} + 2 \text{ (traballos)} = 10$ .

De non superar a recuperación ou suspender a segunda avaliación, terán, na derradeira semana de marzo, unha proba final na que serán examinados daquelas unidades didácticas (totais ou parciais) que tivesen suspensas. A non superación desta última proba implicará a non promoción na materia, que deberán recuperar nunha proba extraordinaria máis adiante.



### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aqueles/as alumnos/as que por absentismo escolar perderan o dereito á avaliación continua terán dúas oportunidades de promocionar na materia: a primeira coincidindo coa data da segunda proba escrita da segunda avaliación (mediados de marzo) e a segunda coincidindo coa proba final de recuperación na derradeira semana do mesmo mes. En ámbalas dúas probas terán que superar as seguintes partes: un test de 10 preguntas (tres respostas posibles, só unha verdadeira) sobre todos os contidos do curso, una batería de 10 preguntas curtas sobre os mesmos contidos, o envío telemático de todos os traballos desenvolvidos durante o curso, una exposición oral sobre un tema a proposta do profesor e unha proba de destreza na determinación de parámetros somatométricos, do uso de tiras reactivos en ouriños e máis no sangue capilar, e a determinación manual e/ou automática da tensión arterial.. Cada unha destas probas terá, como máximo, a seguinte puntuación: 2 (test) + 4 (preguntas curtas) + 2 (traballos) + 1 (exposición oral) + 1 (destreza nas determinacións) = 10. O aprobado se acada se a nota da proba, redondeada ó enteiro máis próximo, é igual ou superior a 5.

### 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A temporalización dos contidos a desenvolver no curso é de vital importancia nesta materia dado que só se dispón de 7 meses nominais (na práctica se reducen a 6 ou menos polos periodos vacacionais e o comezo do curso), polo que o docente terá que facer o posible por se axustar a ese tempo: resumir, condensar, esquematizar... O primeiro obxectivo sería chegar á metade das unidades a primeiros de decembro e logo chegar a marzo coa materia completamente estudiada e explicada polo miúdo.

En canto á avaliación da propia práctica docente levaranse a cabo dúas enquisas anónimas entre o alumnado: unha ó remate da primeira avaliación (que dará a posibilidade de correxir defectos ou erros) e outra na última semana de marzo para a valoración global e final da cualidade da práctica docente. Deste modo, o reflectido polos/as alumnos/as nas enquisas servirá para mellorar o plantexamento e a realización das clases, e telo en conta en anos posteriores.

### 8. Medidas de atención á diversidade

#### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

É difícil planificar unha avaliación inicial para a materia de "Promoción da saúde", dado que as unidades e contidos só se solapan en parte cós tratados previamente en 1º do Ciclo Medio. As referencias para a elaboración da proba poderían ser as materias de "Dispensación de produtos farmacéuticos", "Operacións básicas de laboratorio" e máis "Anatomía e patoloxía básicas". Así que os coñecementos adquiridos nesas asignaturas poderían ser comprobados mediante un test ou batería de preguntas coa axuda dos/das profesores/as titulares das citadas materias. Os resultados desta proba poderían identificar a aqueles/as alumnos/as con diversos graos de competencia, cousa a ter en conta no desenvolvemento do curso.

**8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Como primeira medida de reforzo para aqueles alumnos/as que adoezan de dislexia, discalculia ou calquera transtorno da atención, os citados/as alumnos/as serán distribuídos, dentro da aula, na fila máis próxima ao profesor, procurando así que consigan un seguimento significativo da materia. Ademais, este tipo de alumnado, realizará probas adaptadas a súa situación individual, e o mesmo pódese dicir dos traballos e casos prácticos que deban superar.

**9. Aspectos transversais****9.a) Programación da educación en valores**

A intención do curso no é soamente transmitir coñecementos e destrezas, senón tamén valores persoais e sociais que fagan do/a estudante un futuro/a axente de saúde competente e responsable. Entre estes valores se fomentarán especialmente:

- a) O espírito de superación, necesario para afrontar os retos do estudo (e da futura profesión) coa enerxía que lle permita acadar as súas metas.
- b) A perseveranza, contraria da desidia e da preguiza, para superar os retos persoais que o estudo e a súa futura profesión entrañan.
- c) A empatía, fundamental para unha excelente colaboración como integrante dun equipo de traballo e na atención á diversidade de pacientes-clientes que se pode atopar nunha oficina de farmacia.
- d) A honestidade e rectitude no traballo e no trato con tódalas persoas que o rodean, dende dentro e dende afóra da oficina de farmacia.
- e) A cordialidade no trato cos compañeiros e cos pacientes-clientes, para facerse merecedor da confianza de todos eles.
- f) A asertividade, necesaria para un óptimo desempeño das súas responsabilidades e no trato exquisito cos pacientes-clientes.

De acadarse todas estas virtudes, o/a futuro/a técnico/a en farmacia e parafarmacia será respetado/a, valorado/a e mesmo beneficioso/a tanto para os/as pacientes-clientes como para o negocio da oficina de farmacia ou do establecemento onde realice o seu traballo.

**9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

. Ao longo do curso están previstas tres actividades complementarias e unha extraescolar. A súa realización sería, aproximadamente:

- 1) En decembro, charla-coloquio sobre orientación profesional.
- 2) En xaneiro se visitarán as instalacións en Vigo do almacén de distribución farmacéutica Cofano.
- 3) En febreiro, a charla-conferencia "Situación actual da covid 19", impartida polo catedrático emérito da USC Juan Jesús Gestal Otero.

Todas as charlas e conferencias terán lugar no salón de actos do centro e a elas asistirán tódolos alumnos matriculados nos distintos graos de FP que se imparten no centro.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Análises

Na unidade didáctica 3 levaranse a cabo as seguintes determinacións e análises:

- 1) Estatura, peso, IMC, porcentaxe de graxa corporal, contornos antropométricos e pliegues cutáneos.
- 2) Medida da tensión arterial, con esfigmomanómetro aneroide e con tensiómetro electrónico, e do pulso, manualmente e con pulsioxímetro dixital.
- 3) Medida da glucemia en sangue capilar con glucómetro e tiras reactivas.
- 4) Determinación do grupo sanguíneo no sistema ABO e do Rh con kit de antisoros.
- 5) Determinación de 10 parámetros bioquímicos en oríños, empregando tiras Uriline.
- 6) Probas de embarazo con tiras e casetes.